

Oriana Méndez

Corredores de silencio uliscan
a morte e nos cuartos do tempo aboian
sacos de néboa
Entro
na casa do pasado

Podería despregarse nela a sustancia
vigorosa do océano, ingresar no dominio
das augas, ondas que partisen
os cristais destas fiestras primitivas
como se vai desfacendo a estrutura
na fábrica de conservas

Podería, como digo, vencer o soño
mariño sobre a ruína, pero hai
formigas que avanzan ao ritmo
en que podrece un corazón, hai
un alento de salitre no aire disposto a
secar os ángulos trazados noutro
século, están

nesta mesma casa hoxe aberta
ao vento
as mans descosidas e as gorxas
de silicose, o cancro
pola fábrica, habita aquí
a sombra das que atravesaron
o camiño da terra e
abandonaron o río e
proletarizaron por vez primeira a súa
estirpe en favor de nomes propios, que
o poema sinala: Massó, Álvarez
e sexan iluminados os corpos
que traballan

Nos fogares do pasado escalda
unha memoria amarela e húmida de
musgo, aínda pesa silencio ou
pólvora, ferve sobre a pel
a rosa
a chuvia